



NOVO SISTEMA DE RANKING OFICIAL DO CIRCUITO GALEGO

ANEXO I: RANKING UNIFICADO

A implantación da nova normativa do circuito galego que está vixente desde o comezo da tempada 2015-16 tivo como obxectivo que a posición do ranking se correspondera o máis posible co nivel real dos xogadores, así como simplificar a súa comprensión e poder facer unha actualización do mesmo inmediatamente despois da celebración de cada torneo/campeonato. Este obxectivo conseguiu, pero dada a complexidade da tarefa (máis tendo en conta o pouco tempo dispoñible para a elaboración completa e posta en marcha da normativa), nun principio foi necesario separar o ranking unificado da normativa anterior en varios (un por cada categoría de idade e xénero).

A utilización de varios rankings provocou situacións que poden ser inxustas de cara, por exemplo, ós campeonatos galegos, xa que un xogador que disputara varios torneos pode non aparecer no ranking dunha categoría en particular, por non haber participado nela e non corresponderlle por idade, pero na que ten dereito a anotarse.

Para solventar a situación mencionada, unha vez transcurridos os torneos de verán xa estamos en disposición de volver a **unificar o ranking do circuito galego**, simplificando ó mesmo tempo o seu funcionamento. Polo tanto, a partir de agora **os puntos conseguidos en calquera proba contarán para o ranking único do circuito galego**.

Para facer isto, para cada xogador fíxose por un lado a **media dos puntos de todos os rankings** de categorías nos que estivera e, con este valor, calculouse de novo a media cos puntos do ranking absoluto, quedando o resultado como se ve na folla de cálculo que se publicou.

RANKING DO CIRCUITO GALEGO UNIFICADO

RANKING				DATOS					RANKING UNICO			
ACTUAL	ANTERIOR	ACTUAL CAT.	ANTERIOR CAT.	LICENCIA	JUGADOR	CLUB	CATEGORIA	GENERO	ACTUAL	MEDIA CAT.	MEDIA ABS.	
1	1	=	1	1	=	3791	RAFAEL TABOADA VALVERDE	Arteal TM	Sénior M	M	1302	1302
2	2	=	1	1	=	17426	LAWAL ABIODUN GANIU	Club Oroso TM	Sub-23 M	M	1221	1221
3	3	=	2	2	=	4901	AHMED KAZZEM KOLAWOLE	Club Oroso TM	Sénior M	M	1209	1196 1221
4	4	=	3	3	=	3855	JULIO JOSE REYES HURTADO	Cambados TM	Sénior M	M	1196	1196
5	5	=	2	2	=	6162	MARCOS SANMARTIN GARCIA	Club Oroso TM	Sub-23 M	M	1178	1181 1175
6	6	=	4	4	=	3834	GUILLERMO SANCHEZ ZUÑIGA	Cambados TM	Sénior M	M	1140	1140 1140
7	7	=	3	3	=	4460	FERNANDO PADIN FERNANDEZ	Cambados TM	Sub-23 M	M	1140	1133 1146
8	8	=	5	5	=	5013	IGNACIO FERNANDEZ PEDROS	Club Monteporreiro	Sénior M	M	1123	1113 1132
9	9	=	4	4	=	7769	CARLOS DOMINGUEZ TABUYO	Liceo Casino de Villagarcía	Sub-23 M	M	1101	1086 1115
10	10	=	1	1	=	7508	SANTIAGO PRIETO GONZALEZ	Club Monteporreiro	Juvenil M	M	1099	1118 1081
11	11	=	6	6	=	3243	ADRIAN VIDAL FERNANDEZ	CTM Cidade de Narón	Sénior M	M	1094	1083 1105
12	12	=	1	1	=	21097	ROXANA MIHAELA IAMANDI	Arteal TM	Sub-23 F	F	1088	1088
13	13	=	1	1	=	3905	RAQUEL BONILLA GONZALEZ	Arteal TM	Sénior F	F	1048	1048 1048
14	14	=	7	7	=	6074	JAVIER OBELLEIRO RIVEIRO	Club del Mar de San Amaro	Sénior M	M	1048	1045 1050
15	15	=	1	1	=	1501	RAMON BECERRA MELO	CD Dez Portas Lugo TM	Vet +40 M	M	1039	1039
16	16	=	2	2	=	1584	JACOBO JOSE ENSEÑAT BERA	Club Oroso TM	Vet +40 M	M	1035	1035
17	17	=	8	8	=	5688	ADRIAN ARIAS RAPOSO	Club del Mar de San Amaro	Sénior M	M	1032	1030 1033
18	18	=	2	2	=	10001	PABLO UXIO REGUEIRO NUÑEZ	Club Oroso TM	Juvenil M	M	1023	1034 1012
19	19	=	2	2	=	21799	PAULA NATSUKO FUKUHARA	Club Oroso TM	Sénior F	F	1017	1017
20	20	=	3	3	=	4417	JOSE ANGEL IGLESIAS MARIÑO	AD Vincios	Vet +40 M	M	1016	1008 1024
21	21	=	5	5	=	7469	MARTIN REGUEIRO POMBO	Arteal TM	Sub-23 M	M	1015	1012 1017
22	22	=	9	9	=	6625	LUCAS RODRIGUEZ CHAO	SCDR Helios-Bembrive	Sénior M	M	1015	1005 1024

Este **ranking unificado será oficial a partir deste momento**, e nel pódense ver tanto a posición global comparada co resto de xogadores galegos, como a correspondente á súa categoría. Ademais, pódense establecer **filtros** que inclúan máis dunha categoría, para facer



Secretaría FGTM (Antonio Lasén Casas)
C/ Luis Ksado, 17 (local 20), 36209 – Vigo (Pontevedra)
Tlf: 677343968
Web: www.fgtm.es
E-mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



unha estimación da posición que lle correspondería a un xogador no caso de participar noutra categoría que non sexa a que lle corresponde por idade/xénero.

Partindo deste ranking unificado do circuito galego, como se indicou no documento orixinal da normativa da temporada 2015-16, **ó final de cada tempada farase unha media dos puntos obtidos nos torneos, cos acadados no ranking de liga** (xa dispoñible na web www.fgtm.es). Ademais, a partir da tempada 2016-17, **o ranking do circuito tamén se actualizará facendo unha media co correspondente ós resultados da 1ª volta de liga**, afectando á clasificación para os campionatos galegos. Desta forma, os resultados de liga téñense en conta 2 veces (ó rematar a 1ª e 2ª volta), proporcionando un dato normalizador que evite as sobrevaloracións que se producían coa normativa anterior, conseguindo así que os puntos do ranking se correspondan o maior posible co nivel real dos xogadores. Deste xeito tamén se proporciona unha oportunidade para mellorar os resultados dos torneos de verán e acadar/mellorar a clasificación para os campionatos galegos.

ANEXO II: PENALIZACIÓNS

A continuación preséntase un anexo á normativa do circuito galego de tenis de mesa, que ven a completar a falta de regulación en canto a sancións se refire. Polo tanto, a partir desta publicación fanse oficiais as seguintes penalizacións:

1. **Incomparecencias inxustificadas.** Si unha vez publicada a inclusión dun xogador no listado definitivo para un torneo, se da de baixa ou non comparece a disputar o torneo de forma inxustificada, aplicaranse as seguintes sancións:
 - **Incomparecencia na 1ª fase.** Descontaranse **64 puntos** do ranking na proba na que se produza a ausencia.
 - **Incomparecencia na 2ª fase.** Descontaranse **32 puntos** do ranking na proba na que se produza a ausencia.
 - **Ausencias de arbitraje.** Descontaranse **48 puntos** do ranking ós xogadores que non cumbran coa obriga de arbitrar segundo estea estipulado nas normas de cada torneo/campionato.
2. **Actuacións pouco deportivas e/ou inadecuadas.** En casos excepciónais nos que o xuíz do torneo considere que tivo lugar unha actuación antideportiva considerable por parte dun xogador, podrá aplicar unha sanción de puntos proporcional á falta infrinxida.